

PERMISOS

<p>ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO PREADOPTIVO</p>	<p>Este permiso ten unha duración de 22 semanas ininterrompidas, que se amplía en 2 semanas máis no suposto de discapacidade da menor adoptada ou acollida, e por cada fillo/a a partir do segundo nos supostos de adopción ou acollemento múltiple.</p> <p>Se ambos os/as proxenitores/as traballan, o permiso distribúese á vontade dos/as interesados/as, que poden gozalo de forma simultánea ou sucesiva, sempre en períodos semanais ininterrompidos.</p>																										
<p>ASUNTOS PARTICULARES</p>	<p>9 días hábiles ou a parte proporcional, sen xustificación.</p> <p>Ao día seguinte de perfeccionar o 6º trienio, dispoñemos de dous días máis; e a partir do 8º, un día máis por cada novo trienio. (Ver cadro) →</p> <p>+ 1 día por cada festivo estatal que coincida en sábado. (No 2024 temos 2 días)</p> <p>+ 2 días se o 24 e 31 de decembro cadran na fin de semana. Pola garda do 24 e 31 de decembro, agás que coincidan na fin de semana, 1 día máis. (No 2024 si corresponden).</p> <p>Pódense gozar ata o 31 de xaneiro do ano seguinte. Non se poden acumular ás vacacións.</p>	<table border="1"> <thead> <tr> <th colspan="2">TRINIOS</th> <th>DÍAS</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>0 a 5</td> <td></td> <td>9</td> </tr> <tr> <td>6</td> <td></td> <td>11</td> </tr> <tr> <td>8</td> <td></td> <td>12</td> </tr> <tr> <td>9</td> <td></td> <td>13</td> </tr> <tr> <td>10</td> <td></td> <td>14</td> </tr> <tr> <td>11</td> <td></td> <td>15</td> </tr> <tr> <td>Por cada novo trienio</td> <td></td> <td>1 día máis</td> </tr> </tbody> </table>	TRINIOS		DÍAS	0 a 5		9	6		11	8		12	9		13	10		14	11		15	Por cada novo trienio		1 día máis	
TRINIOS		DÍAS																									
0 a 5		9																									
6		11																									
8		12																									
9		13																									
10		14																									
11		15																									
Por cada novo trienio		1 día máis																									
<p>AUSENCIA DO POSTO DE TRABALLO</p>	<p>O persoal funcionario ten dereito a ausentarse para acompañar os fillos e fillas ou as persoas maiores ao seu cargo ás revisións médicas. De ter fillos/as con discapacidade psíquica, física ou sensorial, ten dereito a ausentarse do traballo polo tempo indispensable para asistir a reunións, etc.</p>																										
<p>CAMPAÑA ELECTORAL</p>	<p>Este permiso regúlase conforme a normativa específica aplicable e ten a mesma duración que a campaña electoral oficial.</p>																										
<p>COIDADO DUN FAMILIAR POR ACCIDENTE OU ENFERMIDADE MOI GRAVE</p>	<p>Para os supostos de accidente ou enfermidade moi grave do/da cónxuxe/parella, de familiares de primeiro grao, de acollidos/as ou doutros familiares que convivan co/coa interesado/a, dispónse dun permiso retribuído, dunha duración máxima de trinta días naturais, que, en todo caso, non pode ser inferior a sete días ininterrompidos.</p> <p>Achegarase xustificación, mediante informe ou certificado médico, acreditativa do accidente ou da enfermidade moi grave.</p> <p>Se hai máis dun/dunha funcionario/a con dereito a este permiso, só se outorgará un único permiso, que se pode ratear entre as persoas interesadas ata o prazo máximo dos trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xera un único permiso.</p>																										
<p>CUMPRIMENTO DUN DEBER INESCUSABLE</p>	<p>Pódese conceder un permiso polo tempo indispensable. Enténdese por deber inescusable a obriga que lle incumbe a unha persoa e cuxo incumprimento lle xeraría unha responsabilidade de índole civil, penal ou administrativa.</p>																										
<p>DESPRAZAMENTO PREVIO NO CASO DE ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO INTERNACIONAL</p>	<p>Nos casos en que fose necesario o desprazamento previo dos proxenitores ao país de orixe da persoa adoptada ou acollida, ten dereito, ademais, a un permiso de ata tres meses de duración. Durante este período percibe exclusivamente as retribucións básicas, e pode gozar del de forma fraccionada, sempre que non supere os tres meses.</p>																										
<p>EXAMES FINAIS E DEMAIS PROBAS DEFINITIVAS DE APTITUDE</p>	<p>A duración será polos días da súa realización, incluíndose os necesarios para realizar a viaxe cando o exame e demais probas se realicen fóra da Comunidade Autónoma de Galicia. Debe xustificar a asistencia aos exames e ás demais probas, dentro do prazo dos quince días seguintes ao da súa realización.</p>																										
<p>FUNCIÓNS SINDICAIS</p>	<p>Este permiso concédese de acordo cos termos legalmente establecidos. Para os efectos do control horario, o persoal funcionario que teña concedida a liberación parcial débelle comunicar, coa antelación suficiente sempre que sexa posible, o gozo das horas sindicais á xefatura territorial correspondente e mais ao seu superior funcional.</p>																										
<p>EXAMES PRENATAIS E TÉCNICAS DE PREPARACIÓN AO PARTO E DE TRATAMENTOS DE FECUNDACIÓN ASISTIDA, OU PARA A REALIZACIÓN DE TRÁMITES ADMINISTRATIVOS PREVIOS Á ADOPCIÓN OU AO ACOLLEMENTO</p>	<p>As funcionarias embarazadas teñen dereito a se ausentaren do traballo para a realización de exames prenatais e de técnicas de preparación ao parto polo tempo necesario para a súa práctica.</p> <p>Debe xustificalo mediante un certificado médico. Teñen o mesmo dereito, e nas mesmas condicións, os/as funcionarios/as para acompañaren o seu cónxuxe.</p> <p>Para tratamentos de fecundación asistida, o tempo necesario; se é fóra da comunidade autónoma, dous días.</p> <p>O/a funcionario/a que opte pola adopción ou polo acollemento permanente ou preadoptivo ten dereito a ausentarse do lugar do traballo para realizar os trámites administrativos requiridos pola Administración competente durante o tempo necesario, coa xustificación previa de que se teñen que realizar dentro da xornada de traballo. Neste caso, a duración do permiso abrangue o tempo necesario para levar a cabo os trámites administrativos preceptivos.</p>																										

TRASLADO DO DOMICILIO HABITUAL	MESMA LOCALIDADE		DISTINTA LOCALIDADE	
	1 MEMBRO = 1 DÍA	2 OU MÁIS MEMBROS = 2 DÍAS	1 MEMBRO = 2 DÍAS	2 OU MÁIS MEMBROS = 4 DÍAS
	Cando teña unha duración de máis dun día , debe gozarse con carácter ininterrompido.			
PERMISO POR RAZÓN DE VIOLENCIA SOBRE A MULLER	As faltas de asistencia, totais ou parciais, das funcionarias vítimas da violencia de xénero teñen a consideración de xustificadas polo tempo e condicións que así determinen os servizos sociais de atención ou de saúde, segundo proceda.			
ACCIDENTE OU ENFERMIDADE GRAVE, HOSPITALIZACIÓN OU INTERVENCIÓN CIRÚRXICA SEN HOSPITALIZACIÓN QUE PRECISE REPOUSO DOMICILIARIO	POR CONXUXE, PARELLA DE FEITO OU PARENTES ATA O PRIMEIRO GRAO DE CONSANGUINIDADE OU AFINIDADE		POR FAMILIAR DENTRO DO SEGUNDO GRAO DE CONSANGUINIDADE OU AFINIDADE	
	CINCO DÍAS HÁBILES		CATRO DÍAS HÁBILES	
	Tamén aplicable a aquelas persoas distintas das anteriores que convivan co funcionario ou funcionaria no mesmo domicilio , sen requirir grao de familiaridade e que precise o coidado efectivo de aquela.		Este permiso poderase usar tamén para o coidado dos familiares consanguíneos , ata o segundo grao , da parella de feito.	
FALECIMENTO DO CÓNXUXE, PARELLA DE FEITO OU PARENTES DE PRIMEIRO OU SEGUNDO GRAO DE CONSANGUINIDADE OU AFINIDADE	MESMA LOCALIDADE		DISTINTA LOCALIDADE	
	GRAO 1 = 3 días	GRAO 2 = 2 días	GRAO 1 = 5 días	GRAO 2 = 4 días
	Este dereito amplíase a parellas de feito e a familiares por consanguinidade ou afinidade de parellas de feito.			
	<i>Grao 1: pais, sogros, fillos, xenro/nora</i>		<i>Grao 2: avós, irmáns, cuñados, netos</i>	
LACTACIÓN	<p>Por fillo/a menor de 12 meses, o/a funcionario/a ten dereito a 1 hora de ausencia do traballo, ben ao inicio ou ben ao final da xornada, que pode substituír por ½ hora á entrada e á saída. Este dereito pode exercelo indistintamente un ou outro proxenitor, no caso de que ambos traballen.</p> <p>Igualmente, a funcionaria pode solicitar a substitución do tempo de lactación por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas o tempo correspondente; neste caso, a súa duración máxima será de 4 semanas e debe pedilo antes da conclusión da baixa de maternidade. Unha vez solicitada esta opción, manterase ata o final.</p> <p>Este permiso, que se pode acumular ao período de vacacións mesmo despois do remate do ano natural ao que estas correspondan, increméntase en proporción ao número de fillos no caso de parto múltiple.</p> <p>Nos supostos de adopción ou acollemento, este dereito compútase durante o primeiro ano dende a resolución xudicial ou administrativa da adopción ou acollemento.</p>			
PARTO	<p>22 semanas continuadas, das cales 6 serán obrigatoriamente despois do parto.</p> <p>Parto múltiple ou parto dun/dunha fillo/a con discapacidade, 2 semanas máis. A partir do segundo/a, dúas semanas máis por fillo/a.</p> <p>Parto prematuro ou hospitalización do neonato: amplíase tantos días como dure a hospitalización, cun máximo de 13 semanas adicionais ou dúas horas diarias ata a alta, percibindo as retribucións íntegras.</p> <p>Se algún dos proxenitores falece, o outro cónxuxe pode gozar do seu permiso, ou da parte que reste.</p>			
XESTACIÓN	<p>As funcionarias en estado de xestación terán dereito a un permiso retribuído, a partir do día primeiro da semana 37 de embarazo, ata a data do parto.</p> <p>No suposto de xestación múltiple, este permiso poderá iniciarse o primeiro día da semana 35 de embarazo, ata a data do parto.</p>			
PERMISO DE PATERNIDADE	16 semanas , das que 4 serán inmediatamente posteriores á data do parto.			
PERMISO DE 8 SEMANAS PARA O COIDADADO DE CRIANZAS MENORES DE 8 ANOS	<p>Permiso parental para o coidado de fillo, filla ou menor acollido, por tempo superior a un ano e ata que o menor cumpra os oito anos.</p> <p>Este permiso, de momento, non é retribuído.</p> <p>Terá unha duración non superior a 8 semanas, continuas ou descontinuas. Desfrutarase a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan.</p> <p>Este permiso non se pode transferir porque constitúe un dereito individual para as persoas proxenitoras, adoptantes ou acolledoras.</p> <p>Corresponderá á persoa solicitante especificar a data de comezo e fin do permiso, e no seu caso os períodos de desfrute, cunha antelación mínima de 15 días e debendo collelo por semanas completas.</p> <p>Cando concorran dúas solicitudes polo mesmo suxeito causante e o desfrute simultáneo altere o funcionamento da unidade da Administración na que ambas presten servizos, poderase adiar a concesión do permiso por un período razoábel, xustificándoo por escrito e tras ter ofrecido unha alternativa de goce flexíbel.</p> <p>O termo nai biolóxica inclúe tamén ás persoas trans xestantes.</p>			